

Nota de AER sobre a decisión da Fiscalía de Vigo



O sábado pasado enterámonos pola prensa de que a Fiscalía de Vigo decidira archivar as dilixencias previas que abrira a finais de marzo, a raíz da presentación por parte da nosa Agrupación dos escritos nos que puñamos no seu coñecemento que o PP de Redondela, na anterior campaña electoral das municipais 2015, endosara unha factura de 1.400 € ao Concello de Redondela; correspondente ao que nós considerabamos un acto electoral pola visita do presidente do PP, Alberto Núñez Feijoo, á Festa do Choco.

Primeiramente manifestar que a resolución ditada por Fiscalía foi comunicada á nosa Agrupación días despois de que se publicara en distintos medios de prensa.

Tamén queremos deixar claro que dende a Agrupación respéctase a decisión emitida pola Fiscalía, pero non compartimos os seus razoamentos.

Na nosa comparecencia en Fiscalía explicámoslle que fomos invitados (aportámoslle a invitación) á lectura do pregón e a unha degustación polos stands, á que non asistimos; que se correspondía coa factura de 490 € do bar O Tranquilo, con recepción de autoridades ás 12:00 h na casa do Concello. Que **nunca, nin nós nin o resto dos grupos da oposición, recibimos invitación para unha comida institucional que se correspondeu coa factura de 1.400 euros de Carlos Groba**. Estas facturas foron presentadas a cobro e pagadas en diferentes datas, que se acreditou coa documentación pertinente, e non como se reflexa na resolución ditada por Fiscalía cando se indica *“que se presentaron a cobro e aprobadas por decreto de Alcaldía de 30-12-2015”*.

Na resolución establécese que AER presentou a axenda electoral do presidente da Xunta de Galicia, e que nela se recollía que asistiría a Redondela ás 11:00h coincidindo coa Festa do Choco; manifestación que non é correcta, porque o Presidente da Xunta como tal non pode participar en actos electorais dun partido concreto, e porque **AER presentou ante Fiscalía dúas axendas:**

- **Por unha banda a axenda do Presidente da Xunta de Galicia, que estaba baleira, e polo tanto Feijoo non tiña ningún acto institucional nesa fin de semana.** Na web da Xunta só consta como acto oficial a asistencia da directora de Turismo de Galicia á festa do Choco, información que é publicada o 10/05/2015 ás 18:12 horas, (<https://drive.google.com/file/d/0BzmL7WLXDNkvVjJNMlpUb2JPUU0/view?usp=sharing>), información que pode ser contrastada nas seguintes direccións: <http://www.xunta.gal/notas-de-prensa> e <http://www.xunta.gal/hemeroteca>.

- **Por outra banda a axenda electoral do Partido Popular, onde se recollía a axenda do Presidente do Partido Popular en Galicia (que é a mesma persoa que o Presidente da Xunta de Galicia) para ese domingo día 10 (<https://drive.google.com/file/d/0BzmL7WLXDNkvS25JWmt3a0lWWk0/view?usp=sharing> , fonte: <http://www.pp.es/actualidad/agenda>), e na que constaba:**
 - 11:00. *Carballeda de Avia. Alberto Núñez Feijoo da un paseo por la localidad.*
 - 12:30. *Barbadás. Alberto Núñez Feijoo interviene en un mitin.*
 - **14:30. Redondela. Alberto Núñez Feijoo visita la feria.**
 - 19:00. *Baiona. Alberto Núñez Feijoo asiste a la presentación de la candidatura.*
 - 21:00. *A Guarda. . Alberto Núñez Feijoo interviene en un mitin.*

Todo isto consta na nosa declaración e na diversa documentación que se presentou ante a Fiscalía, pero na resolución dáse a entender que non se distingue entre Presidente da Xunta e Presidente do Partido Popular de Galicia.

Repítese en varias ocasións que AER non asistiu á inauguración. Certo que como AER non asistimos a este tipo de actos, pero a resolución di textualmente *“afirma el denunciante que ellos no acudieron a dicho ágape ni estaban en la zona cuando la supuesta comida se celebró”*, cando na nosa declaración recollese *“que el declarante estuvo en el pregón y que él no era concejal y que no vio esa comida de miembros de PP”*. **A invitación emitida polo Concello era para as 12:00h e o pregón era ás 12:30h. A esas horas estaba en Redondela a Directora de Turismo da Galicia no acto institucional da lectura do pregón. Sen embargo Feijoo estaba dando un mitin en Barbadás.**

En canto aos reparos da intervención municipal do Concello, establécese que son *“por meros motivos de tesorería y no porque los gastos no estén justificados”*, cando os gastos xustificounos Javier Bas dicindo que era un acto institucional, pero en ningún caso aclarou as persoas que asistiron a dita comida. Entendemos que se é un acto institucional e que como tal se carga nas arcas municipais, debe indicar que persoas foron invitadas e quen asistiu.

Na resolución establécese que *“de las fotografías tomadas en autos se puede deducir que se tomaron en el recinto o lugar reservado autorizado por la Junta Electoral de Zona y que el ágape se realizó en la carpa de la fiesta por lo que no se utilizó con fines electoralistas”*. Novamente non se distingue entre un acto electoral (fronte ao que non temos nada que dicir) e un acto institucional do Concello de Redondela. Ante Fiscalía aportáronse varias fotografías de membros do Partido Popular portando propaganda electoral, fotografías que se tomaron nas dúas carpas, e vídeos nos que aparecen exclusivamente membros do Partido Popular realizando actos da campaña electoral

(<https://www.youtube.com/watch?v=KZhPrs9kj58>). Tamén cabe destacar o vídeo dos informativos da TVG relativos á campaña electoral nos que fai referencia á presenza de Feijoo en Redondela (<http://www.crtvg.es/informativos/elecciones-1148484>) e onde se di que: *"No primeiro domingo de campaña Alberto Núñez Feijoo acompañou aos Populares de Redondela que foron á Festa do Choco a explicar o seu programa."*

Faise especial incidencia na presenza de AER no acto institucional organizado polo Concello de Redondela, cando o determinante non é a nosa presenza nun acto institucional, senón o importante é que non se pode utilizar un acto institucional, nin os cartos dunha entidade pública, para realizar propaganda electoral dun partido político concreto.

Sabíamos dende un principio do difícil que sería que admitiran as probas: nun país onde os casos de corrupción están á orde do día, unha factura de 1.400 € non son mais que migallas. **Creemos que as conclusións da fiscalía son erróneas á vista de todas as probas aportadas.**

Non se debería obviar un feito que resulta fundamental como é que en marzo de 2016 o alcalde Javier Bas procedeu ao ingreso na conta do Concello de Redondela da cantidade de 1.400 €, correspondente á factura da "comida institucional" celebrada o 10/06/2015. Se o equipo de goberno e os membros do Partido Popular de Redondela sempre mantiveron que se trataba dunha "comida institucional", se estaban tan seguros de que a súa actuación era totalmente legal, ¿por que devolveron os cartos?.

Para rematar, comunicamos que a Agrupación de Electores de Redondela está estudando a posibilidade de denunciar estes feitos nos xulgados.

Redondela, a 23 de xuño de 2016